



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000003

Valdoviño, 08 de febreiro de 2022.

Hora: 09:55

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria , para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asiste por causas xustificadas: don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente ás nove horas e cincuenta e cinco minutos, dado que existe quorum, para entrar no debate e votación do asunto da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2022".-

PROPOSTA DE ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“Aprobadas polo Pleno da Corporación as bases reguladoras do Plan Único de Concellos) Ano 2022 publicadas en BOP de data 30.11.22, pola Deputación Provincial da Coruña

Considerando a comunicación complementaria da Deputación Provincial sobre non presentación de alegacións durante o prazo de exposición pública.

Resultando que a asignación do organismo provincial para o Concello de Valdoviño supón un total de **451.734,12 euros**.

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	196.135,85
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	-----
Subtotal gasto corrente	196.135,85

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022						

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
	Concello		

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Subministro e cartelería de sinalización viaria no Concello de Valdoviño	39.382,48	3.533,80	---	3.533,80	42.916,28
Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño, etc.	201.505,60	18.079,68	---	18.079,68	219.585,28
Subtotal investimentos achega provincial 2021	240.888,08	21.613,48	---	21.613,48	262.501,56

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

A Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
ABANCA	14.710,19
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	14.710,19

D Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	196.135,85				
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVERSIONES	Achega 2022					
	Achega 2021	240.888,08	21.613,48	---	---	262.501,56
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	14.710,19				14.710,19
	Achega 2022	196.135,85	---	---	---	196.135,85
	Achega 2021	240.888,08	21.613,48	---	---	262.501,56
	Préstamo 2022	14.710,19				14.710,19

	TOTAL	451.734,12	21.613,48	---	---	473.347,60
--	--------------	------------	-----------	-----	-----	------------

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Mellora das redes de servizo AC-116 P.K 8+800-9+700	249.449,96	-----	249.449,96
Saneamento en A Carreira Fase I	210.610,53	---	210.610,53
TOTAIS	460.060,49		460.060,49

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non obstante, o Pleno da Corporación., resolverá o que estime máis convinte.

Documento asinado á marxe do documento polo sr. Alcalde.

DELIBERACION

Comeza o sr. Alcalde explicando que había varios proxectos en espera para ser tramitados, incluídos xa en plan da pasada anualidade e que agora volven a incluírse no ano 2022, agás que se incorpora a subministración e cartelería de sinalización viaria, xa que se fixo nova numeración no término municipal.

Tamén se inclúen gastos correntes e préstamo da banca para reducir débeda.

Os complementarios son para seguir na idea de dotar de saneamento na zona de Cantodomuro e seguir facendoo extensible, así coma na Carreira.

Pregunta a Sra. Veiga Doce, se con elo conquerimos conectar en Cantodomuro e queda todo resolto, e pregunta tamén pola Carreira.

Resposta o sr. Alcalde que se está a adxudicar o abastecemento e saneamento en Montefaro e pretendese seguir coa zona de Riaña, co proxecto de mellora de redes ampliando todo o que se poida.

Na Carreira sería clave conectar parte co concello de Narón. Actuarase en pistas concentración parcelaria á entrada ao polígono (un pouco máis enriba das naves), supón unha inversión considerable de aproximadamente millón e medio de euros.

Intervén o Sr. Bouzamayor Casas para dicir que efectivamente é un volume elevado e pregunta como se vai financiar, ao que resposta o sr. Alcalde que espera que poida realizarse o investimento, con financiación da Xunta e do Estado.

Afirma o Sr. Bouzamayor, que sería bo, e que ademáis existen fondos europeos.

Sometese a votación a proposta para o Plan POS+2022.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 votos dos asistentes) dos 13 que configuran a Corporación, aprobou a anterior proposta de Alcaldía.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos deste día, do que coma Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE./